



Concello
de AMES



BANDO

SUBVENCIÓNS PARA O PAGO DE PARTE DA FACTURA ELÉCTRICA A TRAVÉS DO TICKET ELÉCTRICO SOCIAL DE GALICIA PARA O ANO 2016

José Manuel Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames (A Coruña),

INFORMA:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ven de convocar axudas económicas para o pagamento de parte da factura eléctrica (*DOG núm .248 de data 30 de decembro de 2015*) a través do **ticket eléctrico social de Galicia**.

REQUISITOS:

Poderán solicitar esta axuda as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñen ao seu cargo fillos menores de 18 anos ou discapacitados e teñan un gasto derivado da subministración de enerxía eléctrica na súa vivenda habitual e que cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia
- ✓ Que na unidade de convivencia haxa menores de idade ou discapacitados cun grado igual ou maior ao 33%.
- ✓ Ser o pagador da correspondente factura de enerxía eléctrica.
- ✓ Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superes 1,5 veces o IPREM (9.585,19 €/ano), referentes ao exercicio 2014
- ✓ Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións.
- ✓ Só poderá presentarse unha única solicitude por unidade de convivencia.

TIPO DE AXUDA:

A contía da subvención será unha cantidade fixa de 180 € ao ano para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos, e de 300 € ao ano para as que acrediten ser ademais familia numerosa.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes realizaranse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, ou desde o enlace <https://ticketelectrico.xunta.es>. Para a presentación das solicitudes será necesario o DNI electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

No suposto de non ter capacidade técnica ou económica, o peticionario poderá dirixirse á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria (Edif. Adtvo. San Caetano. Telf. 981957185 e 981545553) ou á Dirección Xeral de Enerxía e Minas para que lle fagan a solicitude. **O prazo de presentación de solicitudes, comezou o 15 de xaneiro e remata o día 31 de xullo de 2016.**

Poderán solicitar información nas oficinas de Servizos Sociais do Concello, sitas no centro sociocultural de Bertamiráns e na oficina do Milladoiro, Rúa de Abaixo 10, ou nos teléfonos 981890964 e 981535941 respectivamente.

Ames, 12 de febreiro de 2016

O alcalde



José Manuel Miñones Conde